

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMGZIOKT	<i>Expediente</i> CON/68/2014	<i>Fecha</i> 13-03-15 11:02

Número 54 .- Proposta do concelleiro delegado da área de Réxime Interior e Administración Pública relativa á adxudicación do contrato de "Subministro e montaxe de neumáticos, equilibrados de rodas e alineacións de dirección para os diferentes vehículos adscritos ó Parque Móbil do Concello de Santiago" á empresa NEUMÁTICOS PAJARO S.L.

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 13 de marzo de 2015 adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 54 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE RÉXIME INTERIOR E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE "SUBMINISTRO E MONTAXE DE NEUMÁTICOS, EQUILIBRADOS DE RODAS E ALINEACIÓN DE DIRECCIÓN PARA OS DIFERENTES VEHÍCULOS ADSCRITOS Ó PARQUE MÓBIL DO CONCELLO DE SANTIAGO" Á EMPRESA NEUMÁTICOS PAJARO S.L.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do informe-proposta, de data 3 de marzo de 2015, do director de área de Contratación, conformado coa mesma data polo Concelleiro Delegado da Área de Réxime Interior e Administración Pública. Así mesmo, do informe favorable nº 2015/129 de data 9.3.15, da técnico de Intervención, conformado polo Interventor Municipal.

O devandito informe-proposta é do seguinte teor literal:

"EXPEDIENTE: Subministro e montaxe de neumáticos, equilibrados de rodas e alineacións de dirección para os diferentes vehículos adscritos ó Parque Móbil do Concello de Santiago

ASUNTO: Adxudicación do contrato a NEUMATICOS PAJARO SL

ANTECEDENTES:

Documento	Expediente	Fecha
CMGZI0KT	CON/68/2014	13-03-15 11:02

Primeiro: Con data 2/2/2015 celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador NEUMATICOS PAJARO SL

Segundo: O concelleiro delegado de contratación, mediante resolución 3/2/2015 require a NEUMATICOS PAJARO SL para que aporte como trámite previo á adxudicación do contrato:

- Documentación xustificativa de estar ó corrente nas súas obrigas tributarias e de seguridade social
- Documentación acreditativa da súa solvencia económica e técnica
- Documentación acreditativa da súa capacidade de obrar
- Xustificación do pagamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes

Terceiro: Con data 2/3/2015 celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia e conforme ao acordado coa mesa de contratación de data 2/2/2015 procede realizar a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Adxudicar o contrato de referencia a favor de **NEUMATICOS PAJARO SL**, por un importe de 12.376,03 euros/ano (IVE aparte 21%: 2.598,97 euros/ano), ó ser a máis vantaxosa das presentadas.

O gasto correspondente a este contrato satisfarase con cargo á aplicación orzamentaria **080 92000 21400**, de acordo co seguinte desglose:

Ano 2015: .11.231,25 euros
Ano 2016: 14.975,00 euros
Ano 2017: 3.743,75 euros."

Enteirados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMGZIOKT	<i>Expediente</i> CON/68/2014	<i>Fecha</i> 13-03-15 11:02

Adxudicar o contrato de referencia a favor de **NEUMATICOS PAJARO SL**, por un importe de 12.376,03 euros/ano (IVE aparte 21%: 2.598,97 euros/ano), ao ser a máis vantaxosa das presentadas.

O gasto correspondente a este contrato satisfacerase con cargo á aplicación orzamentaria **080 92000 21400**, de acordo co seguinte desglose:

Ano 2015: .11.231,25 euros
Ano 2016: 14.975,00 euros
Ano 2017: 3.743,75 euros.

O **CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO**

Asdo: Manuel Martínez Varela

